




A maior parte das obras en prosa que conservamos da etapa medieval dos séculos **XIII, XIV e XV** son **traducións** ao galego ou **versións** de obras coñecidas orixinariamente noutras linguas. Podemos distinguir obras de prosa literaria e non literaria. **A prosa literaria** organízase, segundo a súa temática en dous **ciclos** (temáticos).

O **ciclo bretón** inclúe aquelas obras que se basean nas lendas bretoas que circularon por Europa entre os séculos XII e XIII e que narra as lendas arredor do rei Arturo e os cabaleiros da Táboa Redonda. Na nosa literatura o ciclo bretón denomínase **Demanda do Santo Graal** e consta de tres libros que se basean nas versións da *Vulgata*¹:

- **Xosé de Arimatea**: manuscrito do século XVI que narra a historia do personaxe que recolleu o sangue de Cristo na copa utilizada na derradeira cea (o Santo Graal).
- **Merlín**: manuscrito do século XVI que narra as profecías do mago.
- **Demanda do Santo Graal**: manuscrito do século XV que narra as aventuras dos cabaleiros da Táboa Redonda na procura do Santo Graal.
- **Libro de Tristán**: manuscrito de finais do século XIV que conta os amores entre Tristán e Isolda.

O **ciclo clásico**, que en galego denominamos **Materia de Troia**, está formado polos textos que narran as fazañas dos heroes da guerra de Troia e derivan do *Roman de Troie*².

- **Crónica Troiana**: tradución do texto castelán, do s. XIV.
- **Historia Troiana**: tradución do texto castelán, do s. XIV (o manuscrito conservado contén 140 páxinas en castelán e 80 en galego).

En canto á prosa non literaria podemos organizala segundo a tipoloxía dos textos en haxiografías (vidas de santos), historiografía (libros de historia) e documentos.

¹ Antiga tradución da Biblia hebrea e grega ao latín vulgar.

² De Benoît de Saint-Maure.

O texto máis salientable das **haxiografías** en galego son os ***Miragres de Santiago***, do s. XV, que é unha versión do Códice Calixtino. Nel inclúense as narracións dos milagres de Santiago, o relato da expedición de Carlomagno a Hispania, a morte de Roldán en Roncesvalles, a destrución de Xerusalén, e a descrición da catedral de Santiago.

A **historiografía** galega está formada por textos que tiñan unha finalidade propagandística:

- ***Crónica xeral galega***, de finais do s. XIII, basicamente é unha tradución de textos casteláns.
- ***Crónica galega de 1404***, obra escrita orixinariamente en galego.
- ***Crónica de Santa María de Iria***: do século XV, é unha tradución ao galego de dous textos latinos³. Narra o traslado do corpo de Santiago desde o porto de Iria, entre outras cousas.
- ***General estoria***: do século XIV é unha versión galega da obra castelá de Afonso X.
- ***Libros de liñaxes***: fan referencia á xenealoxía das principais familias nobres de Portugal.

A situación da lingua na etapa medieval estaba totalmente normalizada, polo que calquera tipo de texto en prosa de carácter oficial ou privado era escrito en galego e conservamos innumerables documentos notariais, documentos dos concellos, dos gremios e dos xulgados da época en galego.

³ *Cronicón iriense e Historia compotellana*.